
Instalada actualización de MATLAB no SVG

- Actualizado (17.11.2005)

Xa está dispoñible a última versión do programa MATLAB, en concreto a versión a versión 7.1 (R14 Service Pack 3) no SVG. Esta é agora a versión de produción nesta máquina.

Esta actualización realizouse unicamente na máquina SVG debido a que actualmente é a única arquitectura dispoñible no CESGA que soporta a versión 7 de MATLAB. Por este motivo mantense a versión 6.5 R13 na máquina HPC320.

Á hora de utilizar MATLAB no CESGA debe ter en conta a seguinte táboa:

Máquina Versión de matlab Directorio de instalación
SVG (svgd.cesga.es) 7.1 R14 Service Pack 3 /opt/cesga/matlab
HPC320 (sc.cesga.es) 6.5 R13 /opt/cesga/matlab

É posible utilizar a versión 6.5 R13 no SVG mediante o comando:
/opt/cesga/matlab6_r13/bin/matlab

Se quere comprobar as novas funcionalidades e os cambios sufridos desde a última versión, consulte a páxina "release notes" de Mathworks:

<http://www.mathworks.com/access/helpdesk/help/base/relnotes/ch1.shtml>

Compatibilidade entre versións:

Se se utilizan habitualmente ambas versións de matlab é recomendable activar a opción:

File->Preferences...->General->MAT-Files-> 'Ensure backward compatibility (-v6)'

que asegura a compatibilidade entre as versións 6 e 7 dos ficheiros MAT

Se ten algún problema coa nova versión, non dubide en pórse en contacto cos técnicos do CESGA a través de indicando no asunto “ERRO en MATLAB” ou consulte directamente a páxina de soporte de Mathworks:
<http://www.mathworks.com/support>

Instalada actualización de MATLAB no SVG